

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO **2020/21**

Neste presente curso as posibilidades de realizar actividades extraescolares veranse mermadas ou anuladas pola situación sanitaria que estamos a vivir. A maioría dos departamentos decidiron anulalas por completo ou modificalas, de xeito que non conleven ningún perigo para a saúde da comunidade educativa.

DEPARTAMENTO DE EDUCUACIÓN FÍSICA

En función de como evolucione a situación do coronavirus, decidírase que tipo de actividade se pode propoñer, todo baseado nos protocolos que cada unha das federacións aproba. O estándar básico de referencia é o "Fisicovid-DXTGalego

1.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

- Iniciación ao Surf . Para 1º e 2º da ESO
- Rutas de Senderismo. Para 3º e 4º da ESO e para 1º e 2º de Bacharelato

2.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Estudiaremos diferente propostas dentro do programa Xogade (programa deportivo da Xunta de Galicia), como as Carreiras de Orientación Dirixido a ESO
- Iniciación ao Paddle para 1º e 2º de bacharelato.
- Iniciación a Capoeira.

DEPARTAMENTO DE LATIN E GREGO

Faranse roteiros ao aire libre polos restos romanos de Lugo (en saídas dun día) ou a visitar museos e instalacións de ruínas romanas, segundo as circunstancias sanitarias, claro. Podería ser cara primavera.

DEPARTAMENTO DE BIOLOXIA

No departamento de Bioloxía e Xeoloxía plantexanse diversas actividades a realizar durante o curso e sen data fixa prevista debido a situación actual da pandemia, son as seguintes:

1 da ESO : visita a aula da natureza do rio Rato.

Para o resto de cursos da ESO : visita guiada ao museo pedagóxico do centro.

1º de BAC excursión de Xeoloxía coa colaboración de Francisco Canosa (xeologo que xa participou con nos en cursos anteriores).

Bioloxía de 2º de BAC visita ao CACTUS da universidade para ver os microscopios electrónicos.

DEPARTAMENTO DE LENGUA CASTELAN E LITERATURA

Debido as peculiaridades deste curso, en principio soamente faranse actividades que non suponan estar en locais pechados.

ALUMNADO DE DIFERENTES GRUPOS, EN ESPECIAL OS DE ESO (1º Y 2º).

CONCURSOS:

- Coca Cola: alumnado de 2º de ESO.

- Fotografía literaria: Destinado ao alumnado de ESO e de BAC.

- Certamen Literario: Destinado ao alumnado de ESO e de BAC.

21 DE MARZO: día internacional da poesía.

CELEBRAMOS O DÍA DO LIBRO: 23 DE ABRIL:

Para evitar aglomeracións do alumnado, estas dúas celebracións podrán facerse con traballos no aula exclusivamente.

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFIA E HISTORIA

Realización dalgunhas actividades extraescolares e complementarias en 1º e 2º de ESO. Advírtese que ante as dificultades organizativas derivadas dos efectos da pandemia da COVID-19, só se prevé a súa realización no caso de que as condicións sanitarias o permitan e os requisitos establecidos posibiliten a súa realización por parte do alumnado.